

CAMPAMENTO DE VERÁN - MAIORES PORTONOVO (SANXENXO, PONTEVEDRA) Programa O VERÁN XA ESTÁ AQUÍ 2023

DATA DA ACTIVIDADE: Do martes 11 ó sábado 22 de Xullo de 2023

LUGAR: Portonovo (Sanxenxo, PONTEVEDRA)

DATA INSCRICIÓN: Do venres 5 ó luns 15 de Maio de 2023

INFORMACIÓN SOLICITUDES:

Nos Rexistros Municipais e na Sede Electrónica, do 5 ao 15 de maio. Se a presentas noutra administración debes enviarnos unha copia por correo electrónico. Despois de enviar dita comunicación chámamos por teléfono para comprobar a súa recepción. **ATENCIÓN**, debes acreditarlo desconto que solicites presentando o documento orixinal.

DATAS DE INTERESE: Solicitudes do venres 5 ao luns 15 de maio, ás 14 horas.

- **ATENCIÓN:** martes, 16 de maio, ás 12 horas: Publicación do listado provisional de solicitudes admitidas. Debes comprobar que apareces no listado de solicitudes e/ou que os datos son os correctos (nome e apelidos, se é a primeira vez ou non que acude a un campamento da omix, etc...). Poderás velos nos taboeiros das casas de xuventude de Cambre (Casa Arrigada e Casa das Palmeiras) ou na app OMIX Cambre. Tes ata o día 18 de maio, ás 14 horas para corrección dos erros que detectes e confirmar que apareces no listado de solicitudes admitidas)

- xoves, 18 de maio. Pola tarde, a partir das 20 horas, publicarase o listado definitivo de solicitudes admitidas.

- **IMPORTANTE: Sorteo público** (só no caso de que haxa mais solicitudes que prazas), o venres 19 de maio, ás 12 horas, na OMIX, situada na Casa Arrigada (Cambre). Terán prioridade, no caso de sorteo, as solicitudes dos/as rapaces/zas que nunca foron ao campamento da OMIX. Cada intervalo de idade conta coma un campamento novo coa seguinte orde de preferencia:

1º.- Persoas empadroadas no Concello de Cambre que participan por primeira vez

2º.- Persoas empadroadas no Concello de Cambre que xa participaron en edicións anteriores do campamento

3º.- Persoas non empadroadas que traballen no termo municipal que participan por primeira vez

4º.- Persoas non empadroadas que traballen que xa participaron en edicións anteriores do campamento

5º.- Non Empadroados no Concello de Cambre que participan por primeira vez

6º.- Non Empadroados no Concello de Cambre que xa participaron en edicións anteriores do campamento

Os campamentos que teñan un número igual ou menor de solicitudes ás das prazas ofertadas as prazas se adxudicarán automaticamente.

INSCRICIÓN DEFINITIVA:



As persoas que obtiveron praza no sorteo deberán presentar o FIPAX DIXITAL cuberto e asinado (unha vez que obtiveches a praza para o campamento) e o resto de documentación asociada (DNI, tarxeta sanitaria, foto carné). Ademais deben encher o anexo de datos de interese para o campamento e envialo por correo electrónico a: actividadesomix@cambre.org

Renuncia á praza - No caso de que por calquera motivo teñan que renunciar á praza disporán ata o xoves 15 de xuño, ás 14 horas. A renuncia á praza do campamento farase ben en persoa (na OMIX - Casa Arrigada - ou na Casa das Palmeiras) presentando un escrito ou asinando a renuncia na solicitude, ben por correo electrónico no seguinte enderezo: actividadesomix@cambre.org

MOI IMPORTANTE: Ás prazas que non renuncien en tempo e forma se lles pasará o recibo da actividade aínda que non acudan ó campamento.

Lista de espera – podería chamarse xente da lista de espera a partir do día 16 de xuño, venres, en horario de 10 a 14 horas. Por favor, estade pendentes da chamada que poidades recibir da OMIX no caso que haxa prazas libres. O/os teléfono/s aos que se chamará/n será/n o/s que conste/n na solicitude. Cando se chame a alguén da lista de espera (máximo 3 chamadas a diferentes horas) éste disporá dun máximo de 24 horas para aceptar/renunciar á praza. Pasado ese tempo entenderase automaticamente rexeitada.

DESTINATARIOS: Mocidade nada entre os anos 2006 e 2010

PRAZAS: 50 prazas

INFORMACIÓN ACTIVIDADE:

ALOXAMENTO : Residencia Abrente. Situada na vila de Portonovo (Sanxenxo - Pontevedra). Máis información en: <https://www.campamentosdeveranoabrente.com/>

ACTIVIDADES : será un campamento náutico (vela, windsurf e kaiak) con xogos, obradoiros, veladas, acampada, rutas, actividades deportivas ...

PORTONOVO E A RÍA DE PONTEVEDRA: O destino deste ano é Portonovo, unha vila mariñeira situada na entrada da ría de Pontevedra e pertencente ao concello de Sanxenxo, epicentro dun dos lugares de veraneo mais demandados en Galicia pola sona das súas praias e do seu magnífico clima. Cunha poboación de arredor de 18.000 habitantes (algo menor que a de Cambre), pero que chega a multiplicar por 6 no verán danos idea do destino turístico que representa (Sanxenxo é o concello galego con mais prazas hoteleiras). O municipio ten unha extensión similar a Cambre (45 km²) e as súas costas dan á ría de Pontevedra e á ría de Arousa. O lugar do campamento é a Residencia Abrente, situada en Portonovo, a un paso da praia de Baltar, escenario ideal para o desenvolveremos da nosa actividade náutica. O entorno ofrécenos moitísimos sitios de interese pero necesitaríamos varios campamentos para poder visitalos todos; a cercana illa de Tambo, os lugares de Raxó e Combarro; a Escola Naval Militar, única instalación deste tipo en España; varios petróglifos, os mosteiros de Armenteira ou de Poio, a fermosa vila de Pontevedra, capital de provincia e unha cidade pensada para pasear ou a casa natal de Cristóbal Colón situada no veciño concello de Poio; mesmo hai un bosque cercano, chamado o bosque de Colón, en Poio, onde se plantaron, no ano 1992, 500 secuioas en conmemoración polo V centenario do Descubrimento de América. E pechando a ría, non moi lonxe de Portonovo, a illas de Ons e Onza, pertencentes ao parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Chicos e chicas, o verán xa está aquí.

LUGAR E HORA DE SAÍDA:

- martes, 11 de xullo. Pavillón Municipal Os Campóns (Sigrás): (por confirmar) horas

LUGAR E HORA DE CHEGADA : sábado, 22 de xullo. Pavillón Municipal Os Campóns (Sigrás), (por confirmar) horas

PREZOS:

TARIFA	Empadroado	Non empadroado
Tarifa Xeral	296,00 €	370,00 €
Carné OMIX, Fam. Num. AAXX	148,00 €	222,00 € (só membros AAXX)
Desempregado/a, voluntariado	207,20 €	281,20 € (só voluntariado)



TARIFA	Empadroadado	Non empadroadado
Carné xove	222,00 €	296,00 €

O PREZO INCLÚE: Aloxamento en albergue e mantención, equipo de monitores, material, actividades náuticas e campamentais, transporte ata o albergue e seguros de RC e de accidentes.

AVISO FINAL:

o xoves 22 de xuño, ás 20 horas, na Casa Arrigada, todas as dúbidas con respecto ó campamento (equipo monitores/as, roupa a levar, horarios, director/a, comidas, actividades, etc...)

+ INFORMACIÓN - CASAS DA XUVENTUDE DE CAMBRE		
CAMBRE: CASA ARRIGADA - OMIX Estrada da Estación, 52 15.660, Cambre	981.613.170 698.178.424 609.510.331	infojuvenil@cambre.org omix@cambre.org
O TEMPLE: CASA DAS PALMEIRAS - PMIX Rua Tapia 1 15.679, O Temple, Cambre	981.650.269 604.027.967	pixtemple@cambre.org